

Estimado Presidente:

Tras o lamentable suceso desta fin de semana, na que sumamos unha nova morta por violencia machista, faise necesario que as administracións fagamos unha fronte común. Póñome á túa disposición e mostro toda a colaboración como presidenta da Deputación de Pontevedra para a posta en marcha dunha mesa de traballo para elaborar un protocolo de actuación ante os crimes de mulleres.

A Xunta de Galicia, da man de todas as administracións, as asociacións de loita contra a violencia de xénero, os corpos de seguridade e os responsables da Administración xudicial, deberiamos tomar accións conxuntas neste ámbito.

Non se pode seguir así, co asasinato do pasado sábado en Pontesampaio van cinco mortas en Galicia no que vai de ano. As concentracións e as campañas de sensibilización son necesarias para visibilizar esta grave situación pero xa non son suficientes, temos que ser capaces de poñer enriba da mesa medidas para que isto non volva a ocorrer.

Co ánimo de elaborar as actuacións necesarias que permitan unha loita real contra a violencia de xénero remito esta petición.

Un cordial saúdo,



Carmela Silva Rego

Presidenta da Deputación de Pontevedra

Pontevedra, 26 de outubro de 2015